

## **ORDENANZA FISCAL DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS DO CENTRO DE DÍA**

### **Artigo 1º. FEITO IMPOÑIBLE**

O feito imponible da taxa ven determinado polo uso e disfrute do Centro de Día como instalación benéfico-asistencial polos usuarios que, voluntariamente, desexen facer uso do mesmo e nos termos sinalados no Regulamento do Servizo.

### **Artigo 2º. BASE IMPOÑIBLE**

A base imponible virá determinada polo uso efectivo do servizo nos períodos de tempo efectivos e de acordo ó réxime de prestacións sinalados no Regulamento do Servizo.

### **Artigo 3º. DEVENGO**

O dereito da Administración a esixir-lo pagamento da taxa virá determinado pola solicitude da prestación do servizo.

### **Artigo 4º. SUXEITO PASIVO**

Serán suxeitos pasivos da presente taxa os solicitantes usuarios ou os titores legais destes, en caso de incapacidade dos mesmos.

### **Artigo 5º. PERÍODO IMPOSITIVO**

Coincidirá coa permanencia efectiva no disfrute da prestación do servizo por parte do suxeito pasivo.

### **Artigo 6º. XESTIÓN**

O pago farase, unha vez presentada e aceptada a solicitude, por adiantado dentro dos primeiros cinco días de cada período mensual, mediante domiciliación bancaria, na conta restrinxida municipal que se sinalará. O resgardo bancario serve como xustificante do ingreso.

### **Artigo 7º. TARIFAS**

A cota tributaria será a resultante de aplicar á tarifa o réxime de bonificacións aos efectos de ter en conta os criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacela.

- 465 euros/praza/mes por estancia, sen incluír o tipo de IVE que corresponda.
- 49,17 euros/praza/mes por transporte, sen incluír o tipo de IVE que corresponda.

## Artigo 8º. EXENCIONES E BONIFICACIONES

Para os usuarios empadroados neste concello procederase a unha bonificación segundo o nivel de renda, conforme se expón no Regulamento municipal, e que se acompaña a continuación:

### RENDA PER CÁPITA UNIDADE FAMILIAR ACHEGA DO USUARIO

0% ao 60% do SMI	10,00% Custo da praza
Do 61% ao 70% do SMI	13,00% Custo da praza
Do 71% ao 80% do SMI	17,50% Custo da praza
Do 81% ao 90% do SMI	21,25% Custo da praza
Do 91% ao 100% do SMI	25,00% Custo da praza
Do 101% ao 110% do SMI	29,25% Custo da praza
Do 111% ao 120% do SMI	33,00% Custo da praza
Do 121% ao 130% do SMI	36,75% Custo da praza
Do 131% ao 140% do SMI	40,50% Custo da praza
Do 141% ao 150% do SMI	44,25% Custo da praza
Do 151% ao 160% do SMI	48,50% Custo da praza
Do 161% ao 170% do SMI	52,25% Custo da praza
Do 171% ao 180% do SMI	56,00% Custo da praza
Do 181% ao 190% do SMI	59,75% Custo da praza
Do 191% ao 200% do SMI	63,50% Custo da praza
Do 201% ao 210% do SMI	67,75% Custo da praza
Do 211% ao 220% do SMI	71,50% Custo da praza
Do 221% ao 230% do SMI	75,25% Custo da praza
Do 231% ao 240% do SMI	79,00% Custo da praza
Do 241% ao 250% do SMI	82,75% Custo da praza
Do 251% ao 260% do SMI	87,00% Custo da praza
Do 261% ao 270% do SMI	90,75% Custo da praza
Do 271% ao 280% do SMI	94,50% Custo da praza
Do 281% ao 290% do SMI	98,25% Custo da praza
Do 291% ao 300% do SMI	100,00% Custo da praza
Máis do 300% do SMI	100,00% Custo da praza

**ENTRADA EN VIGOR:** A presente taxa entrará en vigor unha vez publicada a súa aprobación definitiva e o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Aprobado Pleno de 29.10.12